

TEXTO DO “ACORDO PARA DETERMINAR A COMPOSICIÓN DOS CONSELLOS DE ZONA QUE SE CONSTITÚAN NO MARCO DA LEI 45/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO MEDIO RURAL.

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, determina os obxectivos para as políticas de desenvolvemento rural sostible das administracións públicas, regula o marco normativo da acción da Administración Xeral do Estado (AXE) e establece os criterios e instrumentos de colaboración co resto das administracións nas materias relacionadas co desenvolvemento sostible do medio rural, co fin de acadar unha acción pública coordinada e complementaria que mellore a cohesión económica e social entre os diversos territorios.

A aplicación práctica lévase a cabo a través dos seguintes instrumentos:

- O Programa de Desenvolvemento Rural Sostible para o período 2010-2014 (PDRS), aprobado polo Real decreto 752/2010, do 4 de xuño (BOE nº 142, do 11 de xuño), no que se concretan as medidas de política rural, así como os procedementos e os medios para levalas a cabo.

- Os plans de zona, que concretarán e incluírán as actuacións e medidas necesarias para acadar os obxectivos económicos, sociais e ambientais durante o período de duración do PDRS, que se van aplicar naqueles termos municipais do medio rural integrados nas zonas rurais delimitadas e cualificadas polas comunidades autónomas, segundo uns criterios de ruralidade comúns para todas.

No caso de Galicia, delimitáronse 12 zonas rurais nas que se van aplicar os correspondentes plans de zona:

Na provincia de Lugo: As Mariñas, Lugo Central, Lugo Sur e Montaña Lucense

Na provincia da Coruña: Rías Altas e Arco Ártabro, Terras de Santiago, Costa da Morte e Rías Baixas Norte

Na provincia de Ourense: Miño Central, Valdeorras e Depresións Ourenzás e Terras do Sil

Na provincia de Pontevedra: Pontevedra Norte e Rías Baixas, e Pontevedra Este e Terras do Miño

A competencia para elaborar e aprobar os plans de zona corresponde ás comunidades autónomas, no marco dun proceso de concertación das actuacións que se van executar, así como da previa participación de todas as entidades locais afectadas e dos axentes sociais, ambientais e económicos da zona ou con importante actuación na zona. En particular, e segundo o capítulo 5 do Real decreto 572/2010, entre os ditos axentes consideráranse, cando existan e teñan actividade no territorio, os grupos de acción local, as agrupacións europeas de cooperación territorial, as organizacións profesionais agrarias, as organizacións sindicais, as asociacións de mulleres e os grupos conservacionistas. Este proceso de participación debe ser organizado e liderado pola Comunidade Autónoma.

Pois ben, no marco da Comunidade Autónoma de Galicia, Agader configúrase como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego. En atención a este carácter, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 25 de marzo de 2010 designou o Consello de Dirección de Agader como órgano de coordinación da acción dos distintos departamentos e entidades da Xunta de Galicia en relación coas medidas que se van desenvolver no marco do PDRS.

Así pois, no exercicio destas funcións de coordinación, e logo de considerar os eixes definitivos do PDRS, o carácter transversal das políticas de desenvolvemento rural, o proceso de concertación que debe presidir a aplicación do PDRS a través dos plans de zona, así como a participación real e efectiva das entidades locais e dos axentes económicos, sociais e ambientais con actividade sobre o territorio, propoño que se adopte o seguinte acordo:

“Ao abeiro do artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Agader, e do acordo do Consello da Xunta do 25 de marzo de 2010, polo que se designa o Consello de Dirección de Agader como órgano de coordinación para o desenvolvemento das accións que se executen no marco do PDRS, apróbase a composición dos Consellos de Zona que haberán de constituírse para o desenvolvemento e execucións dos plans de zona que se executen no marco da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural:

Presidente:

O conselleiro do Medio Rural. Na súa ausencia, asumirá a presidencia o director xeral de Agader, salvo delegación expresa noutra persoa.

Vogais:

O delegado territorial da Xunta de Galicia da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en función do ámbito territorial dos respectivos plans de zona

Un/unha representante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Un/unha representante da Consellería de Economía e Industria

Un/unha representante da Consellería de Cultura e Turismo

Un/unha representante da Consellería de Traballo e Benestar

Un/unha representante da Consellería do Medio Rural

Un/unha representante da Consellería do Mar, no caso dos Consellos de Zona que se constituán nas zonas costeiras

Un/unha representante de Agader, designado polo presidente

Tres alcaldes dos concellos incluídos no ámbito territorial dos respectivos Plans de Zona, designados pola Fegamp, tratando de respectar o equilibrio político entre alcaldías que estea representado en cada unha das zonas

Un/unha representante dos GDR constituídos no territorio, designado de común acordo entre eles.

Un/unha representante das organizacións profesionais agrarias con representación no territorio, designado por estas de común acordo

Un/unha representante das organizacións sindicais con representación no territorio, designada por estas de común acordo

Unha representante das asociacións de mulleres rurais constituídas no territorio, designada por estas de común acordo

Un/unha representante dos grupos conservacionistas con presenza no territorio, designado de común acordo entre eles.

Agader poderá designar a representación destas últimas cinco entidades ou organizacións no suposto de que estas non alcancen o consenso necesario para designar de común acordo ao representante que lles corresponde.

Secretario:

Unha persoa pertencente á estrutura administrativa de Agader ou da Consellería do Medio Rural, designada polo conselleiro do Medio Rural. O secretario actuará con voz pero sen voto

Tamén asistirá ás reunións dos consellos de zona a persoa designada pola Administración Xeral do Estado en calidade de observador da Delegación de Goberno no proceso de elaboración dos plans de zona.

Así mesmo poderán asistir, con voz pero sen voto, as persoas expertas que, en calidade de asesores, designe o presidente para cada un dos Consellos de Zona que se constituán””.